

Procedemento: Selección para a contratación, baixo a modalidade de contrato laboral temporal, dunha praza de técnico/a auxiliar de imaxe e son (código do posto ED.A11.00.005.15770.059)

Asunto: Resolución de contratación dunha praza de técnico/a auxiliar de imaxe e son.

Antecedentes administrativos

1 A Axencia Galega das Industrias Culturais solicitou a cobertura temporal para a provisión dunha praza de técnico/a auxiliar de imaxe e son grupo III, categoría 94, código de posto **ED.A11.00.005.15770.059**, consonte ao sistema de listas actualmente vixente.

2 Con data 12.06.2025 recíbese a autorización conxunta para a cobertura temporal da praza anteriormente nomeada polo procedemento establecido no Decreto 37/2006, do 2 de marzo.

3 A Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal comunicou, mediante escrito do 20.06.2025, que non existen integrantes das listas para a cobertura do citado posto, polo que neste suposto debe procederse de acordo co disposto no artigo 7.5.b) 1.2 do V Convenio colectivo único para persoal laboral da Xunta de Galicia.

4 Con data 26.06.2025, o director da Agadic, como órgano competente, conforme ao previsto no artigo 11 do vixente Convenio Colectivo Único da Xunta de Galicia, dita a Resolución de nomeamento do tribunal para cualificar o proceso de selección para a contratación do posto de traballo anteriormente nomeado.

5 Con data 27.06.2025 remítese a oferta de emprego público ao Servizo Galego de Colocación e publícase este proceso de selección na páxina web da Agadic e no taboleiro do centro de traballo.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1 O artigo 21 k) do Decreto 150/2012, de 12 de xullo polo que se aproba o Estatuto da Axencia Galega das Industrias Culturais determina que lle corresponde á dirección exercer á xefatura de persoal da Agadic.

2 Con data 27.08.2025 o tribunal nomeado para o proceso de selección dunha praza de xastre/a eleva á dirección a proposta de contratación da persoa que acadou a máxima puntuación na avaliación de méritos segundo o Anexo III do V Convenio Colectivo Único da Xunta de Galicia.



En atención a todo o anterior, e conforme coa proposta,

RESOLVO

Primeiro.- Proceder á contratación de Sandra Porto Cagiao, co NIF ***1862**, para a cobertura temporal do posto de técnica auxiliar de imaxe e son, grupo III, categoría 94, código de posto ED.A11.00.005.15770.059

Segundo.- Acordar a conclusión deste proceso selectivo en aplicación do disposto no artigo 12.1 do V convenio colectivo único da Xunta de Galicia.

Terceiro.- Publicar esta Resolución na páxina web da Axencia Galega das Industrias Culturais (<https://industriasculturais.xunta.gal>) e no taboleiro de anuncios do centro.

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada ante o Presidente do Consello Reitor da Agadic, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co establecido nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, ou recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da notificación da resolución do recurso de alzada, de conformidade co disposto no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, ante os xulgados do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O director da Axencia Galega das Industrias Culturais

Jacobo Sutil Nesta

